

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 10 de maio de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 10/05/2022
- II. Asistentes á CGIC do 10/05/2022
- III. Memoria de verificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
- IV. Informe de Autoavaliación para a solicitude do Selo EUR-ACE para o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 11 de marzo de 2022.**

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ Comunicacions da Área de Calidade – Enquisas de Avaliación Docente

- ✓ 23 marzo: publicación dos resultados definitivos das enquisas do curso 2020-21.
- ✓ 5 maio: inicio do proceso das enquisas correspondentes ao segundo cuadrimestre do curso 2021-22; o prazo finaliza o 31 de maio. Pregan difusión para potenciar a participación do alumnado.

- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción**
 - ✓ 31 marzo: comunicación sobre a realización das enquisas de satisfacción do alumnado correspondentes ao curso 2021-22; o prazo é do 1 de abril ao 17 de xuño e vai dirixida ao alumnado de grao que se matricula por primeira vez no 3º curso e ao alumnado de máster que se matricula por primeira vez no 2º curso. A enquisa intégrase na secretaría virtual “*Enquisas de valoración da satisfacción coas titulacións oficiais*” e permite á dirección consultar a participación por titulación. Pregan difusión para potenciar a participación do alumnado.
- **Sesión informativa sobre o Programa de desenvolvemento estratéxico dos centros – 19/04/2022**
 - ✓ Sesión desenvolvida para orientar aos equipos directivos dos centros sobre como iniciar as accións para desenvolver o seu programa estratéxico, unha vez aprobado o novo procedemento *DE01 Programación e Desenvolvemento Estratéxico*.
 - ✓ A principal recomendación é que se poña en marcha dun xeito sinxelo, sostible e útil, tomando como punto de partida o plan estratéxico da Universidade de Vigo, e seleccionando aqueles obxectivos estratéxicos que encaixen coa natureza do centro. Amosáronse algúns exemplos ilustrativos.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións PT**
 - ✓ 4 abril: publicación no Portal de Transparencia de varios indicadores.
 - ✓ 21 abril: confirman que seguen sen ter resposta da Sección de Posgrao á consulta sobre a nota media de acceso ao MUEM.
- **Rexistros abertos na plataforma do SGIC pospostos á próxima Comisión de Calidade:**
 - ✓ *R1-DE02 P1 - Panel de indicadores (15/03/22)*
 - ✓ *R1-DE03 P1 - Informe Revisión Sistema pola Dirección (15/03/22)*
 - ✓ *R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación (15/03/22)*
 - ✓ *R2-PE02 P1 - Informe de responsables académicos (31/03/22)*, á espera de que se publiquen os resultados por centros do programa DOCENTIA quinquenal (14/15 a 18/19).

A Presidenta agradece ao Coordinador de Calidade o traballo realizado.

3. Aprobación, se procede, da proposta de memoria de verificación do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga (interuniversitario UDC, USC, UVIGO).

A Presidenta lembra o histórico do proceso seguido coas titulacións G2030 e en particular coa proposta do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga. Indica que levan traballando no deseño do proxecto formativo desde setembro, tanto en clave interna no seo da UVIGO como coas persoas representantes das universidades que participan na proposta, UDC e USC.

Sinala os aspectos mais relevantes da proposta:

- Denominación: Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- Universidades participantes: UDC, USC, UVIGO
- Universidade Coordinadora: UCD
- Carga docente: 90 ECTS (60 ECTS materias ordinarias e 30 ECTS TFM e PE).

Amosa a estrutura do plan de estudos, que está conformado en 6 módulos e sinala as materias formativas e optativas de cada módulo, a asignación da docencia entre as tres universidades (igual peso da docencia das materias obrigatorias e maior peso da UDC na optatividade). Sinala que a información correspondente as fichas das materias son moito máis breves que a información que figura nas memorias de verificación actuais, cunha breve descrición de contidos e sen información relativa a sistemas de avaliación. Aclara que a extensión e estrutura da memoria de verificación é a recollida no Anexo I do RD 822/2021, que implica unha extensión máis limitada e menos concreción que a establecida no RD 1393/2007.

Engade que agora se inician os procesos correspondentes nas tres universidades co obxectivo de implantar o título no curso 2023/2024.

Generosa Fernández pregunta se as 30 prazas son totais e cales son as titulacións de acceso. A Presidenta responde que, en principio, a idea é ofertar 10 prazas por universidade, pero falta firmar o convenio, que recollerá, en principio, entre outros aspectos, este. En canto ao acceso, responde que na memoria se indica que está dirixido a persoas tituladas dos ámbitos de ciencias e enxeñaría, nun sentido amplo.

A Comisión aproba a proposta por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do Informe de Autoavaliación para a solicitude do Selo EUR-ACE para o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

A Presidenta explica o obxectivo do punto e indica a Raquel Gandón que interveña para precisar o que considere oportuno.

Sinala que o Informe de Autoavaliación recolle a seguinte información:

- (i) Datos básicos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, ao obxecto facilitar o contexto do proxecto formativo e a comprensión do Informe de Autoavaliación.
- (ii) Breve descrición do proceso de reflexión realizado para a elaboración do Informe de Autoavaliación.
- (iii) Análise do plan de melloras habilitado para atender as recomendacións recollidas no Informe final de renovación da acreditación da titulación.
- (iv) Valoración do cumprimento das directrices dos criterios 8 e 9, indicando a argumentación que xustifica dita valoración e as evidencias que sustentan a mesma.

A continuación comenta o informe punto por punto e os documentos vinculados, poñendo especial énfase na valoración do cumprimento dos criterios 8 (se os resultados de aprendizaxe do Selo EUR-ACE están integrados no deseño do plan de estudos e se está garantido que todo o alumnado acada ditos resultados) e 9 (Soporte institucional do sistema educativo, apoio institucional, etc.). Sinala que o informe é curto pero enlaza a moitas evidencias, tanto as recollidas no SGIC como outras que se recolleron especificamente na elaboración do informe.

Indica que, como consecuencia do proceso de acreditación da titulación en 2018, se declararon unhas accións de mellora novas para dar resposta ás recomendacións recollidas no Informe Final e se sinalaron outras que xa estaban en marcha. No documento Análise das Accións de Mellora recóllese con detalle o estado actual de cada unha delas.

A continuación abre unha quenda de intervencións.

Generosa Fernández sinala varias erratas no informe e pregunta si afectou ao MUEM o inicio en modalidade non presencial do segundo cuadrimestre do curso obxecto de avaliación. A Presidenta indica que se incorporará ao documento un texto explicativo en relación a este feito. Generosa Fernández suxire engadir ademais un comentario sobre os efectos da pandemia na baixada xeral da participación nas Enquisas de Satisfacción e nas Enquisas de Avaliación Docente 20/21.

A Presidenta pide que se delegue na dirección a corrección de erros e a incorporación de suxestións que poidan xurdir da revisión técnica que se fai desde a Área de Calidade.

Apróbase o Informe de Autoavaliación por asentimento, delegando na dirección a redacción definitiva dos documentos e a revisión final da táboa da evidencia E8.1.0.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 49 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dez de maio de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 10/05/2022

ANEXO II

Asistentes á CGIC do 10/05/2022

Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 10 de maio de 2022	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudiantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Diego López González	Representante da Sociedade

ANEXO III

**Memoria de verificación do Máster Universitario en
Xestión Sostible da Auga (interuniversitario UDC, USC, UVIGO)**

ANEXO IV

**Informe de Autoavaliación para a solicitude do Selo EUR-ACE
para o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.**